

Memoria do Proxecto

# XADREZ INCLUSIVO

Premio Boas Prácticas Educación Inclusiva 2020

Categoría B



Código: 27016704

Concello: Lugo

Provincia: Lugo

## Índice

Xustificación da Actuación.....	2
O Noso Centro e a Vontade da Inclusión.....	2
A Aula TEA.....	3
Un Alumnado Diverso.....	3
O Xadrez como Ferramenta Educativa e de Inclusión.....	4
Actividades Desenvolvidas en Anos Anteriores.....	5
Plan de Actuación.....	6
Descrición das Actividades Levadas a Cabo.....	7
Ámbito de Actuación.....	7
Profesorado Implicado.....	8
Obxectivos.....	9
Obxectivos de Carácter Xeral.....	9
Obxectivos de Carácter Inclusivo.....	9
Contidos.....	10
Relación coas Competencias.....	10
Relación coas Competencias Con Carácter Xeral.....	10
Relación coas Competencias Con Carácter Inclusivo.....	10
Organización de Espazos, Tempos e Recursos.....	11
Metodoloxías Activas.....	15
Procedemento de Avaliación.....	15
Implicación da Comunidade Educativa e da Contorna.....	16
Avaliación e Impacto das Prácticas Inclusivas.....	17
Difusión e Visibilidade.....	17
Propostas de Mellora.....	19
Tratamento de Datos de Carácter Persoal.....	19

# XADREZ INCLUSIVO

## Memoria Descritiva

### Xustificación da Actuación

#### *O Noso Centro e a Vontade da Inclusión*

O IES Leiras Pulpeiro é un centro educativo inaugurado en 1998 para dar resposta a crecente poboación dos barrios lucenses de Casás-Abella. No curso 2019/20 tiña matriculado a 497 alumnos/as e impartían docencia 56 profesores/as. O noso alumnado provén maioritariamente destes barrios e de determinadas parroquias da contorna rural desde onde accede transportado.

O ISEC (Índice Socioeconómico e Cultural) das familias é medio-baixo. Na zona habita unha poboación maioritariamente constituída por persoas que cursaron estudos obrigatorios (primario ou secundario), sen que iso implique a obtención da titulación correspondente (Graduado Escolar ou Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria). Unha menor porcentaxe rematou estudos secundarios post-obrigatorios ou estudos superiores.

No noso **Proxecto Educativo** establécese como un dos nosos principios de identidade a *“Equidade na educación, que garante a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade. A educación é o instrumento máis poderoso para compensar as desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, especialmente as que se derivan de calquera tipo de discapacidade. Asegurarase a inclusión educativa e garantirase a igualdade de dereitos e oportunidades que axuden a superar calquera discriminación e a accesibilidade universal”*.

Dentro das liñas metodolóxicas xerais a nivel de centro sulinamos o *“o principio de socialización, de xeito que a metodoloxía escollida non favoreza a exclusión de ningún alumno, senón ao contrario, a inclusión de todo o alumnado”*. Tamén establecemos como un dos nosos fins

educativos *“Transmitir e exercitar os valores que fan posible a vida en sociedade, singularmente o respecto a todos os dereitos e liberdades fundamentais e adquirir os hábitos de convivencia democrática e do respecto mutuo. Educar na loita contra a discriminación e a desigualdade, sexan estas por razón de orixe, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra de índole social ou persoal”*

O noso **Plan de Convivencia** fixa o un modelo protector que nos insta a *“crear un marco protector, mediante a introdución de cambios no currículo e a organización escolar, facéndoo máis inclusivo, dialóxico e democrático”*

Por último, a organización dos torneos escolares de ámbito comarcal foron posibles grazas ao posicionamento favorable do **Consello Escolar** do centro e á organización da *Escola Luguesa de Xadrez*.

Todos estes principios alentan o deseño e desenvolvemento de actuacións orientadas a mellorar a inclusión de todo o alumnado vulnerable como a que presentamos nesta memoria.

## ***A Aula TEA***

O noso centro ten autorizada unha unidade de educación especial para alumnado con trastornos xeralizados do desenvolvemento (trastornos do espectro autista), que conta con persoal docente especializado en réxime de comisión de servizos renovable. Este alumnado cursa as ensinanzas da ESO en réxime de escolarización combinada, integrándose no grupo de referencia en determinadas materias dependendo das súas características persoais.

No Proxecto Educativo de Centro establécese como o criterio principal de asignación a grupos que *“o alumnado con Trastornos Xeralizados do Desenvolvemento se asignará ao grupo no que teñan maior compatibilidade horaria, para facilitar a súa inclusión nel”*.

No curso 2019/20 a Aula TEA estaba integrada por 4 alumnos con diferentes necesidades educativas específicas. Ademais de traballar os obxectivos do currículo con cada alumno, segundo o seu nivel de competencia, incidimos entre outros aspectos en ampliar e favorecer as interaccións cos adultos e iguais, aprender a coñecer e comunicar emocións propias e dos demais e potenciar a responsabilidade sobre as súas obrigas para favorecer a súa autonomía e acadar un maior autocontrol do comportamento.

## ***Un Alumnado Diverso***

O alumnado do IES Leiras Pulpeiro é moi diverso ao se tratar dun centro situado nun barrio exterior da cidade. Ademais dos integrantes da Aula TEA, temos alumnos/as con dificultades de integración como o alumnado de orixe inmigrante e cigana, alumnado con problemas de conduta

(o número de informes disciplinarios está a ser especialmente alto nos últimos anos) ou alumnado con dificultades específicas (con ou sen diagnóstico médico) que requiren actuacións concretas para a mellora da súa inclusión.

Esta diversidade maniféstase durante os tempos de lecer, momento nos que os espazos compartidos son ocupados maioritariamente pola práctica de deportes de equipo, nomeadamente o fútbol, deixando poucas alternativas abertas a unha grande parte do noso alumnado. Cumpría pois deseñar outras opción para que o alumnado con necesidades específicas que se sentía máis excluído durante estes períodos puidera participar de actividades adaptadas que puideran ser desenvolvidas xunto a outros compañeiros e compañeiras.

O uso que se conceda ao recreo como espazo físico leva implícito o protagonismo dun alumnado concreto, temos presentes as necesidades e discapacidades que o alumnado poida presentar, fronte á exclusión doutros. O xénero, a discapacidade, a diversidade cultural, poden verse segregados durante o tempo de lecer destinando este momento a pasear de forma illada, individual, ou a permanecer nun recuncho, polo que a importancia de repensar sobre o seu uso é unha realidade necesaria e urxente. O recreo adoita converterse a diario en momentos de bullying, exclusión, soidade e conflito entre os adolescentes. Os patios e corredores poden contar con diferentes espazos ou recunchos que partan dos seus propios intereses, inquietudes e motivacións. Espazos ou recunchos pensados por eles e para eles onde poder desenvolver actividades compartidas en espazos seguros.

## *O Xadrez como Ferramenta Educativa e de Inclusión*

Nos últimos anos o Parlamento Europeo, Congreso dos Deputados e Parlamento de Galicia aprobaron resolucións unánimes que incitaban a introducir o xadrez como complemento educativo no currículo oficial, mesmo como materia de libre configuración no primeiro ciclo da ESO. As competencias transversais presentes na actividade xadrecística encaixan á perfección como complemento educativo para a resolución de problemas en matemáticas.

Por outra parte, cómpre atender aos recentes estudos e tendencias educativas que subliñan as importantes potencialidades que ten o xadrez como recurso social e terapéutico, oportunidade que pode ser moi aproveitada dadas as características do alumnado do noso centro.

No libro *Developing Chess Talent* escrito polo Maestro Internacional Merijn van Delft establécese que *O xadrez é un deporte moi apto para moitos nenos e adultos con autismo, un trastorno do desenvolvemento do cerebro. O tema aínda carece de suficientes investigacións científicas, tamén no ámbito internacional, mais a experiencia mostra que o xadrez serve para estimular o desenvolvemento social, emocional e cognitivo.* Na mesma liña o prestixioso xornalista Leontxo García leva anos adicándose a divulgación do xadrez como ferramenta educativa de maneira individual ou a través da Fundación Kasparov. Nos seus artigos e conferencias incide de xeito reiterado nas cualidades pedagóxicas do xadrez enfocándoo nomeadamente como terapia e para a inclusión de alumnado con necesidades educativas especiais motivadas por trastornos TDAH, TEA ou síndrome de Asperger.

## **Actividades Desenvolvidas en Anos Anteriores**

Durante o curso 2018/2019 o IES Leiras Pulpeiro presentou a solicitude de participación nun contrato-programa para a Mellora da Competencia Matemática baseado no tratamento de certas capacidades propias da materia de matemáticas como o cálculo, memoria, reflexión profunda e concentración a través do xogo do xadrez. Abríase ademais unha opción lúdica para fornecer ao alumnado dunha alternativa para os tempos de lecer abrindo tamén unha porta ao alumnado con maiores problemas de inclusión.

Así creouse no corredor do andar inferior o denominado *Recuncho do Xadrez*, espazo aberto provisto dunha antiga vitrina para gardar o material que íamos adquirindo. O espazo foi decorado polo alumnado de **Matemáticas Aplicadas de 4º da ESO**, actividade que serviu para tocar dunha maneira interdisciplinar contidos propios desta materia.

Ademais de habilitar este espazo, organizáronse obradoiros de xadrez a cargo de monitores da *Escola Lugesca de Xadrez* durante 8 sesións da materia de **Matemáticas de 2º da ESO**, promovendo deste xeito a participación e difusión do resto de actividades que se ían propoñendo. O noso centro cedeu tamén as súas instalacións para a celebración de tres torneos escolares de xadrez de ámbito comarcal, no que participaban máis de 100 rapaces e rapazas divididos en categorías por idades con premios especiais para o alumnado do noso centro.

Mais se queríamos que estas actuacións tiveran tamén un carácter inclusivo, era necesario dar algún tipo de formación inicial específica ao alumnado con máis necesidades de integración. A Dirección do Centro, o Departamento de Orientación, o profesorado da Aula TEA e o departamento de Matemáticas identificaron a posibilidade de impartir unha hora semanal de xadrez a A., un alumno cun determinado trastorno autista que tiña a capacidade de aprender a xogar e incorporarse as actividades do *Recuncho de Xadrez*.

A mediados do curso académico comezaron as actuacións semanais con este alumno e en pouco tempo adquiriu sen dificultade as regras de xogo mostrando interese e moi boa actitude cara el. O problema co que nos atopamos para incorporalo con normalidade a actividades con outros compañeiros/as foi a grande dificultade que tiña para a toma de decisións. O xadrez é un xogo no que estás obrigado a mover peza, o que supón en cada paso tomar unha decisión, algo que A. non levaba ben de forma autónoma e buscaba en todo momento o beneplácito do profesor.

Ao final de curso, como colofón ás actividades organizadas durante o ano, celebrouse unha demostración de partidas simultáneas a cargo da xogadora Ana Belén Seijas, subcampioa galega de xadrez, e alí estivo A.



O 21 de xuño de 2019 tivo lugar a demostración de partidas simultáneas celebradas no *Recuncho do Xadrez* do IES Leiras Pulpeiro. Despois de catro meses de traballo, participou o noso alumno A. da Aula TEA xunto a outros dez compañeiros, compañeiras e profesorado do centro. Na imaxe pódese ver a vitrina onde se recolle o material e a decoración do espazo realizado por alumnado de centro.

Nesta actividade decatámonos das posibilidades inclusivas que tiña o xadrez e que o traballo feito durante este curso debía ter continuidade e ser estendido a outro alumnado con dificultades de integración. Como veremos a continuación o proxecto consolidouse e foi ampliado actuando especialmente sobre este alumnado.

## *Plan de Actuación*

En base ao exposto nos apartados anteriores, o IES Leiras Pulpeiro debería contemplar o deseño e desenvolvemento de actuacións para a mellora da inclusión de alumnado vulnerable, especialmente o da Aula TEA. Determinadas iniciativas, xa consolidadas no centro, como a creación de Equipos de Mediación entre o alumnado para a xestión da resolución de conflitos e o bo ambiente xeral que se respira no centro facilitan o camiño para a promoción e desenvolvemento de novas actividades.

Ademais da continuidade do traballo con A., identificamos o caso do alumno C., un rapaz con necesidades de integración claras, mais que non tiña diagnosticado ningún tipo de trastorno. C. paseaba en solitario durante os tempos de lecer nunha zona moi definida do patio e non buscaba alternativas a súa situación. No aspecto académico viña traballando cun reforzo educativo desenvolvido pola profesora de Pedagogía Terapéutica Montse Pallisé. Foi ela quen propuxo incorporar ao rapaz ás actividades do *Recuncho do Xadrez*, pero para iso, debía aprender a xogar.



Aínda que estes dous casos supoñían situacións evidentes de problemas de inclusión, non eran os únicos. Pensamos que coa intervención dun profesor no *Recuncho do Xadrez* que dinamizara as partidas e animara aos rapaces e rapazas a xogar podería habilitar un espazo no corredor que fora observado como un espazo seguro para a acollida de todo tipo de alumnado. O que nun momento inicial fora proxectado como un lugar para a mellora da competencia matemática podería converterse ademais nun espazo de inclusión.

## Descrición das Actividades Levadas a Cabo

### Ámbito de Actuación

Aínda que obxectivo inclusivo fica restrinxido ao alumnado do centro cunhas características particulares, a instalación dunha cultura xadrecística xeral que faga atractivas as actividades a desenvolver obriga a ampliar este ámbito de actuación.



No inicio do curso 19/20, organizouse como actividade inaugural do proxecto unha conferencia a cargo dun dos especialistas máis prestixiosos de España: O Maestro Internacional David Martínez.

Trátase do adestrador do mellor xogador español da actualidade (o Gran Maestro David Antón) e da selección olímpica feminina de xadrez.

Ademais ten un perfil moi interesante polo seu carácter interdisciplinar xa que é o xestor dunha plataforma on-line na que retransmite eventos xadrecísticos con milleiros de seguidores por todo o mundo.

Esta actividade achegou o xadrez a todo tipo de alumnado e axudou a situar noso *Recuncho* nun lugar máis atractivo e inspirador dentro dos corredores do instituto.



Aínda que non se tratara dunha estratexia predefinida, a iniciativa de acceder a un ámbito amplo de actuación obtivo importantes réditos de cara o alumnado con máis necesidades de inclusión.



O uso das instalacións para a celebración de torneos escolares trimestrais nos que participe o noso alumnado sitúa o proxecto nun alcance comarcal.

Neles xuntáronse un centenar de rapaces e rapazas de Lugo e a súa comarca (incluso doutros puntos da provincia).

Con estes torneos conseguíuse que o noso alumno C. participara por primeira vez nunha actividade extra-escolar.

A organización dos torneos escolares de ámbito comarcal foron posibles grazas ao posicionamento favorable do **Consello Escolar** do centro e á organización da *Escola Luguesa de Xadrez*.

## *Profesorado Implicado*

Para levar a cabo estas actividades e facer do Recuncho do Xadrez un espazo inclusivo, contamos coa colaboración fundamental, ademais da dirección do centro (aspectos organizativos, participativos e de difusión), do departamento de Orientación (actuación co alumnado e cesión de espazos e sesións formativas) e do departamento de Matemáticas (impulsor do proxecto).

Contouse asemade coa axuda do profesorado doutros departamentos para colaborar na organización de actividades e habilitación de espazos durante o período de lecer.

A **coordinación** do proxecto foi asignada ao profesor do departamento de Matemáticas Manuel Vilariño con praza definitiva no IES Leiras Pulpeiro dende o curso 18/19, que xa levara a cabo experiencias no ámbito educativo co xadrez como motor interdisciplinar noutros destinos anteriores.

A relación do profesorado implicado é a seguinte:

Profesor/a	Departamento	Actuacións
Manuel Vilariño Freire	Matemáticas	Coordinador
Alfredo Couto Gómez		Promoción de actividades no <i>Recuncho de Xadrez</i>
Beatriz López Calviño		
Beatriz Paderne Cebey		
Jesús Álvarez Arias		
Ana Méndez Barreiro		
Belén García Díaz		
Suso Coucheiro Gómez	Economía	
Manuel García Martínez	Filosofía	
Xabier Díaz Fernández	Física e Química	
Montse Pallisé Meilán	Orientación	Formación e seguimento do alumno C.
Lidia Ascariz Gegunde	Orientación	Formación e seguimento do alumno A.
Nuria Castelo Fernández	Xeografía e Historia	Difusión de Actividades

## Obxectivos

Dentro do proxecto *Xadrez Inclusivo* distinguimos dous tipos de obxectivos: os obxectivos de carácter xeral e os de carácter inclusivo. Para conseguir os segundos foi necesario crear unha cultura xadrecística dentro do centro que fixera do Recuncho do Xadrez un espazo familiar e seguro para o alumnado con maiores problemas de integración.

### Obxectivos de Carácter Xeral

- Propoñerlle ao alumnado unha alternativa diferente para os tempos de lecer
- Mellorar a competencia matemática a través do xadrez, estimulando competencias propias da materia de matemáticas como a reflexión pausada, concentración, cálculo, memoria, toma de decisións,...
- Mellorar a convivencia no centro a través das actividades xadrecísticas, valorando a superación persoal, respecto a opinión dos demais, deportividade,...

### Obxectivos de Carácter Inclusivo

- Ensinar a xogar ao alumnado con problemas de inclusión, nomeadamente ao da Aula TEA.

- Incorporar a este alumnado ás actividades do *Recuncho do Xadrez*
- Dotar ao centro dun espazo seguro para que o alumnado acuda nos tempos de lecer.
- Incorporar ao alumnado disruptivo a un tipo de actividades nos que se traballa a aceptación das regras, respecto aos demais, toma de decisións con carácter reflexivo,...

## *Contidos*

- Fundamentos do Xadrez.
- Reflexión, cálculo, memoria, toma de decisións.
- Deportividade e compañeirismo.
- Respecto á diversidade.

## *Relación coas Competencias*

### **Relación coas Competencias Con Carácter Xeral**

Os grandes defensores/as da incorporación do xadrez ao ámbito educativo, adoitan citar estudos onde se demostra que o alumnado que recibe formación en xadrez mellora as súas competencias matemáticas e en comprensión lectora. É evidente que a concentración e a reflexión pausada que tanto se traballa neste xogo-arte, ten a súa translación a análise pausada de textos. Trátase dun ámbito adquirido que tamén repercute do mesmo xeito na resolución de problemas en matemáticas. Ademais as formas de cálculo mental e de memorización de posicións, aperturas e finais tocan tamén competencias propias do ámbito das matemáticas.

### **Relación coas Competencias Con Carácter Inclusivo**

Son moitos os estudos que vencellan o xadrez coas competencias básicas de aprendizaxe. A que máis nos interesa desde o punto de vista inclusivo neste apartado é a **mellora da competencia social e cívica**, que se manifesta de múltiples formas nunha partida de xadrez. O simple feito de comezar a partida dando a man orival e acabala do mesmo xeito, supón unha aceptación explícita dunhas regras compartidas e dun resultado final que non sempre é doado asumir. Noutros deportes ou xogos, sempre se pode botar a culpa a outro xogador, ou a circunstancias externas. No xadrez, a toma de decisións corresponde unicamente a cada xogador que debe asumir con deportividade as súas consecuencias, acertadas ou equivocadas. Está na esencia do xogo e obriga, antes que a gañar, a aprender a perder.

Por outra parte, durante os períodos de lecer, observamos como alumnado con grandes dificultades para comunicarse cos seus iguais, constrúían e compartían sen dificultade argumentos técnicos elaborados. Sen dúbida, esta iniciativa constituiu un contexto favorable ao desenvolvemento desta competencia.

Tamén se desenvolve a **iniciativa persoal e o espírito emprendedor** ao tratarse dun xogo moi creativo, onde esforzo persoal adoita ter a súa recompensa. O/a xogador/a necesita deseñar unha

planificación e organizar a toma de decisións, algo fundamental no traballo de alumnado con baixa auto-estima, ou cun trastorno TEA ou TDAH.

## *Organización de Espazos, Tempos e Recursos*

O espazo principal no que se desenvolveu o conxunto de actividades foi o denominado *Recuncho do Xadrez*. Trátase dun pazo situado no corredor inferior do centro, que consta dunha vitrina utilizada polo profesorado de ciclos formativos que actualmente xa non se imparten. Durante o curso 2019/20 transformouse nun verdadeiro lugar de inclusión que mudou os obxectivos cos que fora concibido.



*O Recuncho do Xadrez é o espazo habilitado no centro para actividades xadrecísticas.  
Nestas imaxes vemos como o foi evolucionando desde o curso pasado ata o actual*

Nos cadros seguintes detállase a temporalización das actividades:

Actividade	Outubro			Novembro							Decembro	
	Semana 1	Semana 2	Semana 3	Semana 4	Semana 5	Semana 6	Semana 7	Semana 8	Semana 9	Semana 10		
Act. Xerais de Divulgación	L Mª Mª X V V	L Mª Mª X V V	L Mª Mª X V V	L Mª Mª X V V	L Mª Mª X V V	L Mª Mª X V V	L Mª Mª X V V	L Mª Mª X V V	L Mª Mª X V V	L Mª Mª X V V		
Conferencia David Martínez												
Campaña de Promoción												
Torneos Escolares Comarcais												
Torneos On-Line durante o Confinamento												
Actividades con Finalidade Inclusiva												
Traballo con A.												
Traballo con C.												
Liga de Xadrez												
Recuncho do Xadrez												

Actividade	Xaneiro			Febreiro							Marzo		Confinamento		
	Semana 11	Semana 12	Semana 13	Semana 14	Semana 15	Semana 16	Semana 17	Semana 18	Semana 19	21A	28A	5M			
Act. Xerais de Divulgación	L Mª Mª X V V	L Mª Mª X V V	L Mª Mª X V V	L Mª Mª X V V	L Mª Mª X V D	L Mª Mª X V V	L Mª Mª X V V	L Mª Mª X V V	L Mª Mª X V V						
Conferencia David Martínez															
Campaña de Promoción															
Torneos Escolares Comarcais															
Torneos On-Line durante o Confinamento															
Actividades con Finalidade Inclusiva															
Traballo con A.															
Traballo con C.															
Liga de Xadrez															
Recuncho do Xadrez															

ESPAZOS

	Salón de Actos
	Aulas de Referencia de 2º da ESO
	Corredor Central
	Plataforma lichess.org
	Aula TEA
	Aula de Pedagogía Terapéutica
	Recuncho do Xadrez



Comezamos o curso escolar cunha **actividade divulgativa co MI David Martínez** orientada a promocionar o *Recuncho do Xadrez* entre o noso alumnado. Non era en si mesma unha charla destinada á difundir aspectos inclusivos, pero si cumpría o obxectivo de fomentar o xadrez como un xogo atractivo e con presenza dentro do noso centro educativo. A introdución de fórmulas inclusivas requiren tamén da popularización das súas ferramentas entre toda a comunidade educativa para resultaren familiares e accesibles.

As actividades durante o período de lecer no **Recuncho do Xadrez** comezaron no mes de outubro e axiña ocuparon os espazos asignados para xogar. Axiña comprobamos que se ía formando un grupo con alumnado dos primeiros cursos da ESO que sentían curiosidade polo xadrez pero que non o entendían desde un punto de vista competitivo, senón que buscaban simplemente pasalo ben con outra xente. A este grupo foise incorporando outra xente como a alumna E. de bacharelato, unha rapaza que adoitaba ficar soa polos corredores do centro durante os recreos.

A vitrina co material para xogar abríase todos os días cunha chave que había que recoller na conserxería. Era o alumno N., que durante as primeiras semanas se encargou espontaneamente de ir pola chave e preparar o material. Un profesor do departamento de matemáticas supervisaba as actividades no Recuncho, converténdose nun espazo libre de conflitos e resultando acolledor para ese alumnado necesitado de alternativas. O grupo formado mantívose durante todo o curso manténdose este bo ambiente ata o punto de que o alumno N. lle manifestou a xefa de estudos que “este ano salvoumo o xadrez”.

No IES Leiras Pulpeiro organízanse nos recreos ligas internas de fútbol, baloncesto, brilé,... e considerouse a posibilidade de armar unha **liga de xadrez**. Porén, a partir das dinámicas creadas no *Recuncho* como espazo inclusivo, non se viu procedente transformalo nun espazo cun carácter máis competitivo e decidiuse fomentar a inscrición para que o núcleo maioritario dos/as participantes fora o alumnado que habitualmente participaba das súas actividades. Pechouse a inscrición con 16 participantes, a maioría dos/as que estaban a ser habituais e quedou á espera de se disputar o final no momento do confinamento. O ambiente foi o que se pretendía, dominado polo compañeirismo, deportividade e o seu enfoque como espazo de inclusión.

Despois de meses de **traballo co alumno C.**, estaba en disposición de participar na liga, tanto polos seus coñecementos do xogo, como pola súa motivación para integrarse cos demais. Como xa comentamos, C. pasaba só os períodos de lecer, sen facer ningún intento de achegarse a ningún grupo de compañeiros. A súa actitude no *Recuncho* era moito máis aberta e comunicaba con facilidade os aspectos técnicos do xogo. Mais para chegar a esta situación foi imprescindible o traballo previo coa súa profesora de Pedagogía Terapéutica Montse Pallisé e co profesor Manuel Vilariño, xa no *Recuncho*, ao que comezou a asistir voluntariamente os martes e mércores durante os recreos. Tamén cómpre mencionar a axuda da alumna R., que axiña o integrou no grupo e se puxo a xogar con el. O traballo desta alumna, tanto con C. como con A. serán merecedores dun Trofeo *Especial ao Compañeirismo* dentro dos premios da liga. Entregarase no comezo do curso que vén.



C. tamén participou nos **Torneos Escolares Comarcais** celebrados nos corredores do IES Leiras Pulpeiro, un domingo en cada trimestre, no que tomaban parte un centenar de rapaces e rapazas da nosa provincia. Aínda que non tiñan un obxectivo directamente inclusivo, para C. foron as súas primeiras actividades extra-escolares, nas que, ademais, recibiu un trofeo outorgado pola organización á *Superación Persoal*. C. inscribiuse tamén, coa xestión de Montse Pallisé e Manuel Vilariño, na *Escola Luguesa de Xadrez* para recibir clases os venres pola tarde e continuar profundizando no xogo.

En canto o **traballo co alumno A.**, non tivo como consecuencia a súa inscrición na liga. A súa dificultade para a toma de decisións recomendaba pospoñer a súa participación e enfocar dunha maneira diferente a súa incorporación ás actividades do *Recuncho*. Desde mediados do curso 18/19 o profesor do departamento de Matemáticas Manuel Vilariño comezou as clases de xadrez con A. cunha sesión semanal na Aula Tea dentro do horario lectivo os martes e unha sesión no recreo os mércores. Durante ese ano, A. aprendeu o movemento das pezas, os mates básicos, a notación alxébrica,... pero mantiña dificultades para decidir posibles xogadas sen o refrendo do profesor.

No curso 2019/2020, xa cunha asignación directa no horario, en substitución dunha hora de garda, o profesor Manuel Vilariño continuou co proxecto de sumar a A. ás actividades do *Recuncho*, aínda que o avance era moi escaso polas dificultades xa comentadas. Por indicación da súa profesora Lidia Ascariz, buscou un recurso que axudara a A. na toma de decisións, e encontrouse unha baralla que fora editada pola *Escola Luguesa de Xadrez*. Tratábase de que cada xogador extraera unha carta en cada quenda e movera a peza que figuraba nela. Así A. non tiña que decidir que peza mover, senón a onde movela, o que simplificaba moito o xogo. Con esta baralla denominada *Xadrez Disparatado*, A. (sempre escollía xogar a esta modalidade) puido incorporarse ao *Recuncho* para participar os mércores nos períodos de lecer. O *Xadrez Disparatado* foi moi ben recibido no grupo do *Recuncho*, e A. foi integrado sen problemas, grazas tamén á colaboración da xa mencionada alumna R.

Todas estas actividades tiveron que ser finalizadas abruptamente con motivo do confinamento que durou ata final de curso. Porén, coa intención de manter vivo o contacto e a actividade, organizáronse 3 **torneos on-line** a través da plataforma [lichess.org](https://lichess.org). Os torneos seguían o espírito do *Recuncho* e para acceder a eles requiríase un contrasinal que era fornecido desde a web do centro.

## *Metodoloxías Activas*

Un xogo ou deporte apréndese xogando. As únicas metodoloxías posibles neste caso son as activas, de feito no noso traballo con A. e C. sempre había unha taboleiro polo medio co que practicar os movementos, mates, finais, ... que se ían aprendendo. A secuenciación na aprendizaxe foi a clásica do xadrez, comezando polos movementos de peóns (xogando partidas sen pezas) e ir incorporando por esta orde torres, bispos, dama, rei e cabalos.

A metodoloxía empregada é a máis simple, visual, intuitiva, colaborativa e participativa posible. As actividades e materiais que o alumnado está a utilizar son manipulables polo que os contidos están a ser usados de forma lúdica e diferente. Sempre se parte dos coñecementos previos do alumnado para favorecer unha aprendizaxe máis significativa.

A baralla denominada *Xadrez Disparatado* supuxo un recurso de atención á diversidade excepcional, adaptándose moi ben ás necesidades de A. para a toma de decisións.

Aínda que o xadrez é un xogo individual, no Recuncho do Xadrez era frecuente que varios grupos de alumnos/as se xuntaran ao redor dunha mesa e comentaran as diferentes posicións. Existe tamén unha variante do xogo para participar por parellas, na que un participante nomea unha peza a mover e o seu compañeiro debe decidir en que casa situar esa peza.

Dito o anterior, cómpre suliñar que o xadrez é considerado por si mesmo unha metodoloxía activa interdisciplinar que está a ser utilizado en moitos centros educativos de todo o mundo. Estase facendo habitual o seu uso transversal en todos os niveis educativos (infantil, primaria e secundaria) para o tratamento visual e manipulativo de certas competencias de aprendizaxe. Para alén do ámbito educativo, recórrase ao xadrez como ferramenta metodolóxica dende un enfoque social e terapéutico co que se aplica tamén noutros contextos con necesidades inclusivas (centros de terceira idade, centros penitenciarios,...) .

## *Procedemento de Avaliación*

Todo proxecto que envolva aprendizaxe debe ser avaliado. Porén, ao tratarse dunha aprendizaxe voluntaria, desenvolvida durante os períodos de lecer, fai que os instrumentos deban ser diferentes aos que se seguen nas materias curriculares.

Cómpre mencionar que o proxecto careceu dunha auto-avaliación final que podería ter feito o alumnado (tal e como se pretendía nun principio), mais a causa do confinamento isto non foi posible.

Os indicadores dos que tiramos deste proceso unha avaliación positiva son: a participación do alumnado habitual do *Recuncho* nos torneos comarcais de xadrez e nos torneos on-line durante o

confinamento, o entusiasmo amosado polo alumnado durante a campaña de promoción do xadrez nas sesións de matemáticas, a participación de C. na liga, torneos escolares e inscrición na *Escola Luguesa de Xadrez*, e a participación de A. no *Recuncho* a través da baralla do *Xadrez Disparatado*.

Ademais dos xa mencionados A. e C., un número importante de rapaces e rapazas que podían ser identificados con problemática de inclusión seguiron asistindo ao *Recuncho* de maneira constante ata que se iniciou o confinamento.

Por último, varias destas actividades foron compartidas en redes sociais recibindo un retorno moi positivo dos diferentes membros da nosa comunidade educativa.

## *Implicación da Comunidade Educativa e da Contorna*

As actividades xadrecísticas que comezaron a desenvolverse no noso centro tiveron, desde o primeiro momento, o apoio do **Claustro** e do **Consello Escolar** a través da aprobación dos Contratos-Programa para a Mellora da Competencia Matemática nos que se insiría esta actuación. Os ditos órganos, recibiron tamén a información sobre como ía evolucionando o proxecto a aspectos máis inclusivos que constituíron o centro da nosa actuación e son os que se destacan nesta memoria.

A conferencia de MI David Martínez coa se deu comezo as actividades xadrecísticas do curso 19/20 contou co patrocinio da Dirección Xeral de Xuventude da **Xunta de Galicia**. Foron dous os centros lucenses seleccionados para esta actividade, un deles o IES Leiras Pulpeiro.

Nos torneos escolares que contaban co patrocinio do **Concello de Lugo**, ademais da participación do noso alumnado, os xogadores e xogadoras dos colexios adscritos de primaria CEIP Menéndez Pelayo e CEIP Casás eran maioría entre o conxunto de participantes e asistían, moitos deles por primeira vez, ao que será no futuro o seu centro educativo.

A **Escola Luguesa de Xadrez**, que ten a súa sede nun barrio veciño, apoiou e participou de forma constante nestas actividades, moitas veces de maneira desinteresada. Correu a cargo deles a organización e dos torneos escolares comarcais e da campaña da promoción do xadrez para o alumnado de 2º da ESO. Estas campañas contaron co patrocinio da **Deputación de Lugo**. Ademais adaptouse de maneira especial ás necesidades do alumno C. para a incorporación ás súas clases.

## **Avaliación e Impacto das Prácticas Inclusivas**

Lamentablemente, a causa do interrupción do curso polas medidas de contención contra o coronavirus, non se puido realizar unha avaliación completa destas actuacións. Destacamos, porén, os seguintes indicadores do impacto das medidas tomadas.

- Consolidouse o Recuncho do Xadrez como un espazo de inclusión, ao que acudía diverso alumnado con problemas de integración durante os períodos de lecer.
- Os traballos específicos realizados co alumno C. tiveron consecuencias directas na súa inclusión entre o alumnado do centro, manifestando un destacado interese polo xadrez que transcendeu incluso fóra do instituto.
- Os traballos específicos realizados co alumno A. non tiveron un impacto tan destacado, mais si se conseguiu iniciar a súa incorporación ás actividades do *Recuncho*, un espazo que polas súas características se adapta moi ben a el para os períodos de lecer.

## **Difusión e Visibilidade**

Sempre tendo en conta as medidas legais de protección de datos de carácter persoal, as actividades desenvolvidas dentro deste proxecto, foron difundidas a través dos medios do centro.

- A conferencia do MI David Martínez e a Campaña de Promoción entre o alumnado de 2º da ESO tiveron a súa entrada no noso Facebook corporativo.
- Os torneos escolares de xadrez foron difundidos a través das redes sociais da *Escola Luguesa de Xadrez* e tiveron a súa repercusión nas redes sociais.
- Os torneos on-line organizados durante o confinamento foron convocados dende a web do centro, dando vitalidade e visibilidade ao proxecto neses momentos de ensino non presencial.

A seguir se mostra un cadro cunha mostra da difusión realizada.

### III Torneo de xadrez IES Leiras Pulpeiro

- Data: Martes 5 de maio de 2020 ás 17:00h
- Duración do torneo: de 17:00h a 18:00h
- Lugar: [www.lchess.org](http://www.lchess.org) (Para participar, tes que crear un usuario na web, leva 1 minuto)
- URL do Torneo: <https://lchess.org/sumament/160909eb> Podes inscribirte en calquera momento.
- Palavra Chave para a inscrición: lchess
- Sistema de xogo: Arena (todos contra todos, segundo vaxan finalizando as partidas)
- Duración de cada partida: 3 minutos + 2 segundos de incremento.
- Quem pode participar?: Calquera membro da comunidade educativa do IES Leiras Pulpeiro

### II Torneo de xadrez IES Leiras Pulpeiro

Segunda edición do torneo de xadrez on-line.

- Data: Martes 28 de abril de 2020 ás 17:00h
- Duración do torneo: de 17:00h a 18:00h
- Lugar: [www.lchess.org](http://www.lchess.org) (Para participar, tes que crear un usuario na web, leva 1 minuto)
- URL do Torneo: <https://lchess.org/sumament/111e001e> Podes inscribirte en calquera momento.
- Palavra Chave para a inscrición: lchess
- Sistema de xogo: Arena (todos contra todos, segundo vaxan finalizando as partidas)
- Duración de cada partida: 3 minutos + 2 segundos de incremento.
- Quem pode participar?: Calquera membro da comunidade educativa do IES Leiras Pulpeiro

### I Torneo de Xadrez On-Line IES Leiras Pulpeiro



Convócase o I Torneo de Xadrez On-Line para a comunidade educativa do IES Leiras Pulpeiro

Data: Martes 21 de abril de 2020 ás 17:00h  
Duración do torneo: de 17:00h a 17:45h

- Lugar: [www.lchess.org](http://www.lchess.org) (Para participar, tes que crear un usuario na web, leva 1 minuto)
- URL do Torneo: <https://lchess.org/sumament/103e7e7d> Podes inscribirte en calquera momento.
- Palavra Chave para a inscrición: lchess
- Sistema de xogo: Arena (todos contra todos, segundo vaxan finalizando as partidas)
- Duración de cada partida: 5 minutos + 3 segundos de incremento
- Quem pode participar?: Calquera membro da comunidade educativa do IES Leiras Pulpeiro

Animate e Participa!



As actividades foron difundidas a través da web do centro, das redes sociais e da prensa local (El Progreso 16-12-19)

## **Propostas de Mellora**

Tendo en conta a difícil situación actual coa epidemia do coronavirus e as medidas establecidas polos organismos sanitarios e educativos e sempre adaptándonos a elas, o proxecto *Xadrez Inclusivo*, debería incorporar as seguintes melloras:

- Ampliar a outras actividades lúdicas, ben no *Recuncho do Xadrez*, ou noutros espazos no centro para profundizar na inclusión do alumnado menos integrado nos períodos de lecer.
- Comezar un curso de xadrez co alumno I. da Aula TEA. Este alumno manifestou o seu interese por participar nas sesións que recibía o seu compañeiro A. pero o confinamento impediu o desenvolvemento dun plan específico para el.
- Continuar coa incorporación de A. ao *Recuncho do Xadrez* durante o período de lecer.
- Explorar as posibilidades da utilizar as vantaxes do xadrez no ámbito de respecto ao rival e a unhas normas prefixadas, co alumnado máis disruptivo.
- Incluír no horario de gardas do centro unha sesión diaria asignada ao *Recuncho do Xadrez*, de maneira específica ou dentro das xa existentes gardas de corredores. Deste xeito o conxunto do profesorado se sentiría parte activa do proxecto e tería unha repercusión moi positiva na mellora da cultura inclusiva do centro.

## **Tratamento de Datos de Carácter Persoal**

Pese que o centro leva o control habitual sobre os permisos de uso da imaxe do alumnado, decidimos pixelar a todos os menores que aparecen nelas.

Ademais, o alumnado mencionado nesta memoria, foi identificado coa súa primeira inicial para garantir a confidencialidade de certas actuacións realizadas.